

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. ARTEIXO.

CURSO: 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA, CIENCIAS SOCIAIS, LINGUA CASTELÁ E LITERATURA, LINGUA GALEGA E LITERATURA, MATEMÁTICAS, VALORES SOCIAIS E CÍVICOS e EPV

DATA: Maio 2020

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

Atendendo as recomendacións e circunstancias mencionadas nas Instrucións do 27 de abril de 2020 , da dirección Xeral de Educación, centrarémonos no apoio, reforzo e ampliación dos contidos da P. Didáctica anterior sempre tendo como referencia a adquisición e mellora das competencias básicas do noso alumnado.

En relación ás ACI, todos os estándares de aprendizaxe así como as competencias imprescindibles marcadas para este alumnado están detalladas en cada adaptación curricular individual elaborada para cada alumno/a con adaptación curricular e nas áreas necesarias.

Relación de criterios e competencias básicas nas diferentes áreas:

MATEMÁTICAS

1. Comprender e utilizar o **vocabulario e as expresións propias da linguaxe matemática**. (Comunicación lingüística / Intelixencias lingüística-verbal e intrapersonal)

2. **Resolver problemas da vida cotiá** axeitados ao seu nivel (numeración, xeometría, medida, áreas, perímetros...), comprobar resultados e reflexionar sobre o seu proceso de resolución. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Aprender a aprender / Intelixencias lóxico-matemática, visual-espacial e intrapersonal).

3. Manexar, utilizando razoamentos apropiados, **distintos tipos de números** (romanos, naturais, enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes sinxelas) e sabelos utilizar para

interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática).

4. **Calcular sumas, restas, multiplicacións, divisións** cos distintos tipos de números tendo en conta a xerarquía das operacións, aplicando as propiedades destas, estratexias persoais e diferentes procedementos de cálculo. (Matemática / Ciencia e Tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática).

5. Coñecer e utilizar os instrumentos e as **unidades de medida de lonxitude, masa, capacidade, superficie, tempo e monetarias**, e operar de xeito básico e accesible. (Matemática, ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxico-matemática e visual-espacial).

6. Facer estimacións e saber expresar medidas de lonxitude, masa, capacidade, superficie, tempo e as derivadas do sistema monetario, e as súas transformacións. (Matemática / Ciencia e Tecnoloxía / Intelixencia lóxico-matemática).

7. Comprender, razoar e utilizar conceptos xeométricos básicos, axeitables á vida cotiá. (Matemática, ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxico-matemática e visual-espacial).

8. Recoñecer, basicamente, situacións estadísticas cotiás. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Comunicación lingüística / Intelixencias lóxico-matemática e lingüística-verbal)

9. Traballar en grupo e participar de forma activa e construtiva en **proxectos comúns a través de redes e teletraballo**. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersonal / Ciencia e tecnoloxía).

LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. **Comprender textos** de tipoloxía diversa e obter información relevante, co obxecto de sacar conclusións propias. (Comunicación lingüística / Lingüística e verbal)
2. Aplicar o vocabulario máis apropiado a cada contexto para conseguir ás intencións desexadas segundo ou caso. (Comunicación lingüística / Lingüística e verbal / Sociais e cívicas)
3. **Interpretar e presentar a información** a partir do uso de gráficos, parámetros estatísticos, experimentos e valorando a súa utilidade na sociedade. (Matemática / Lóxica e matemática)
4. **Elaborar composicións creativas** (carteis, audiovisuais...) explorando ás técnicas e os recursos das diferentes linguaxes artísticas. (Conciencia e expresións culturais / Visual e espacial)
5. **Participar en situacións comunicativas** expresando ás súas ideas con participación activa, identificando, valorando e respectando diferentes puntos de vista para actuar de forma positiva e aberta. (Sociais e cívicas / Interpersoal)
6. **Redactar textos de tipoloxía** diversa respectando ás súas características para comunicar mensaxes da maneira máis axeitada segundo ou contexto. (Comunicación lingüística / Lingüística e verbal)
7. Practicar ou uso das **normas gramaticais e ortográficas** co obxectivo de asegurar a correcta escritura das palabras, ás frases e os textos. (Comunicación lingüística / Lingüística e verbal)

9. Desenvolver **capacidades emprendedoras ante un problema** e a posta en marcha das posibles solucións, individuais ou colectivas. (Sentido de iniciativa e espírito emprendedor / Intrapersoal)

10. Xestionar as propias **capacidades e coñecementos como base para a propia formación**. (Aprender a aprender / Intrapersoal)

11. Utilizar **a lectura como fonte de pracer** e enriquecemento persoal e achegarse a obras de tradición literaria e de autores actuais. (Aprender a aprender / Intrapersoal)

12. Reflexionar sobre **a propia aprendizaxe** co obxectivo de tomar conciencia das súas capacidades valorando propostas de mellora. (Aprender a aprender / Intrapersoal)

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

1. **Comprender textos orais** referidos á súa actividade cotiá e intereses, interpretando as principais relacións entre os seus elementos. (Comunicación lingüística)

2. **Ler e comprender textos de tipoloxía diversa** e de distinto xénero e grao de complexidade, e desenvolver hábitos de lectura, como instrumentos para adquirir información e coñecemento, pensamento crítico e creativo e como ocio e disfrute. (Comunicación lingüística / Aprender a aprender / Intrapersoal)

3. Comprender e interpretar informacións de mensaxes instrutivas, prescriptivas, ou non verbais efectuando os razoamentos necesarios para o seu uso. (Competencia matemática / Comunicación lingüística / Aprender a aprender / Intrapersoal)

4. Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para **escribir distintos tipos de textos** segundo a finalidade e falar de forma axeitada, coherente e correcta, sabendo razoar e explicar os procesos seguidos. (Comunicación lingüística, Aprender a aprender)

5. **Relacionarse e expresarse a través da lingua** de xeito adecuado na actividade escolar, social e cultural, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta. (Competencias sociais e cívicas)

6 . **Obter información** e opinións dos medios de comunicación social e as TIC, e sabelas interpretar e valorar. (Conciencia e expresións culturais / Competencia dixital)

7. Aproximarse a obras relevantes da **tradición literaria** e comprender textos literarios de xéneros diversos, así como as convencións específicas da linguaxe literaria. (Comunicación lingüística, Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía)

8. Valorar a **realidade plurilingüe de España** e do mundo como mostra de riqueza do patrimonio histórico e cultural. (Conciencia e expresións culturais, Competencias sociais e cívicas)

9. Reflexionar sobre os diferentes **usos sociais das linguas** para formar un pensamento crítico que impida discriminacións e prexuizos. (Competencias sociais e cívicas)

10. Tomar **conciencia da propia aprendizaxe** e reflexionar sobre posibles estratexias para emprender novas aprendizaxes. (Sentido de iniciativa e espírito emprendedor).

CIENCIAS DA NATUREZA

1. Coñecer as propiedades da **materia e os materiais, e os seus cambios** dun xeito básico e aplicable ao cotián. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
2. Coñecer as principais **formas de enerxía**, as súas fonte e o seu uso responsable. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
3. Distinguir entre **máquinas simples e compostas** (combinación adecuada de máquinas simples), e recoñecelas no contorno físico cotián. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
4. Identificar e adoptar **hábitos de saúde e hixiene**, para previr enfermidades infecciosas e enfermidades relacionadas co bo funcionamento dos órganos e dos sistemas do corpo humano. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía Intelixencia naturalista).
5. Identificar os **órganos do sistema nervioso e do aparato locomotor** na función de relación e a importancia duns hábitos de saúde para manter o seu bo estado. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
6. Identificar os compoñentes dun **ecosistema** e as características que os definen para determinar as relacións que se establecen entre os seres vivos , e a importancia de respectalo e conservalo . (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
7. Recoñecer as partes dunha **planta**, as súas funcións para valorar a importancia destes seres vivos. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
8. Describir **fenómenos físicos** de forma estruturada e co vocabulario adecuado. (Comunicación lingüística / Intelixencia lingüística e verbal).

9. Utilización **das TIC** cun espírito crítico. (Dixital / Intelixencia lingüística e verbal).

10. **Tomar decisións** reflexionando e sopesando posibilidades e consecuencias **de maneira autónoma e responsable** para facer fronte a situacións cotiás. (Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersoal).

11. Aprender a establecer **conxecturas, comprobacións e conclusións** fomentando o proceso científico e experimental axeitado ao cotián. (Matemática. Ciencia e Tecnoloxía; Iniciativa emprendedora; Aprender a aprender / Intelixencias naturalista e intrapersoal).

CIENCIAS SOCIAIS

1. Coñecer a orixe e a composición principal do **Universo e do Sistema Solar**. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía).

2. Localizar a **Terra** no Sistema Solar e identificar as características básicas: estrutura, movementos que efectúa e as súas consecuencias. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).

3. Comprender, manexar e interpretar os **conceptos básicos de referencia xeográfica**. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxica e matemática e visual e espacial)

4. Interpretar e describir as distintas formas de **representación da Terra**, a escala e os signos convencionais. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias lóxica e matemática, naturalista e visual e espacial)

5. Identificar os factores que caracterizan o **clima** e coñecer os distintos climas do mundo e de España e de Galicia, a súa localización e as súas principais características. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias naturalista e visual e espacial)
6. Coñecer a importancia da **Constitución española**, así como os dereitos, os deberes e as liberdades que establece, e identificar as características dun Estado democrático e os seus fundamentos. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersonal)
7. Coñecer a **forma de goberno de España e de Galicia, as institucións políticas** máis importantes e os símbolos do Estado español e de Galicia. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersonal)
8. Recoñecer a **organización territorial de España**. (Sociais e cívicas / Intelixencias naturalista e visual e espacial)
9. Respeitar e apreciar a **diversidade cultural e lingüística de España** como forma de enriquecemento. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
10. Coñecer a orixe da **Unión Europea** e a súa formación actual, as súas institucións e os seus símbolos valorando a súa riqueza e a súa diversidade cultural (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersonal)
11. Identificar os principais **feitos históricos de España e de Galicia** nas diversas etapas da historia. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersonal)
12. Mostrar **autonomía** ao planificar e levar a cabo accións e tarefas, e iniciativa ao tomar decisións. (Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersonal).

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

1. Expresar **opinións** , **sentimentos** e **emocións**, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal ((CSC).
2. Estructurar un **pensamento efectivo e independente** empregando as emocións de forma positiva. (CAA)

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL.

1. Realizar **composicións creativas**, individuais e grupais que poñan de manifesto as distintas capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade. (CSC_ CIEE- CCE)
2. Realizar obras plásticas experimentando e empregando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas como dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo. (CCL; CMCT; CCE)

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Na seguinte táboa explícanse os procedementos, instrumentos e os criterios de avaliación do alumnado.

Os procedementos, instrumentos e criterios de avaliación pretendidos para cada un dos alumnos/as con ACI están expostos en cadansúa adaptación curricular individual.

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>A avaliación basearase na observación e seguimento do traballo e implicación do alumnado durante todo o 3º trimestre.</p> <p>Teranse en conta as circunstancias de cada un e en base a iso avaliarase a súa participación e interacción xunto coas tarefas desenvolvidas.</p> <p>- Valorarase a actitude positiva hacia a área concreta obxecto de avaliación : interés, participación...neste período do 3º trimestre.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>- Seguimento das actividades desenvolvidas a través das aulas virtuais , blogues e das actividades solicitadas a través do correo electrónico, teléfono...e as vías de comunicación propostas ás familias.</p> <p>-Observación da participación no blogue e nas actividades de carácter lúdico e voluntario propostas.</p> <p>- Observación e rexistro das actividades/ Exercicios da plataforma SNAPPET.</p> <p>- Entrega de traballos con limpeza e puntualidade.</p> <p>- Corrección gramatical e ortográfica dos seus traballos.</p>
Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final de curso tomarase como referencia primordial a evolución do alumno ou alumna durante o primeiro e o segundo trimestre. As competencias acadadas e o traballo desenvolvido durante esta etapa serán a base a ter en conta para a cualificación final. O terceiro trimestre serviranos para afianzar e reforzar coñecementos.</p> <p>Polo tanto, a cualificación final para cada área calcularase do seguinte xeito: farase media en cada unha das áreas entre as cualificacións obtidas no primeiro e segundo trimestre máis un 20% que computará en relación ao traballo realizado no terceiro trimestre. En ningún caso este trimestre influirá negativamente na cualificación final do alumnado.</p>

	No caso de alumnado con materias suspensas nos 1º e 2º trimestres, a cualificación final en cada área dependerá do traballado neste 3º trimestre (entrega de traballos, actitude ante a materia, superación dos contidos coas actividades de reforzo e repaso deste 3º trimestre).
--	--

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

A metodoloxía e tipo de actividades para o alumnado con ACI están detalladas nas propias adaptacións de cada alumno/a.

Actividades:

A metodoloxía de traballo está a continuar de xeito similar ao comenzado no principio deste período sen Actividade presencial, mellorando as vías de apoio e control, e tendo en conta que, ao iniciar esta terceira avaliación de modo telemático e nas actuais circunstancias, aplicamos a directiva principal de centrarnos no máximo apoio ao alumnado, adecuándonos en todo momento as súas características, necesidades e as circunstancias que afecten a conectividade coa mestra titora e co grupo clase.

Tamén, en base a estas premisas, centrámonos no reforzo, apoio e ampliación da materia traballada con anterioridade, e na presentación e ampliación daqueles contidos que non se considerarán como avalia les e que axuden á **consecución e mellora das competencias básicas**.

MATEMÁTICAS:

- Exercicios de cálculo e problemas diarios, para reforzo das diferentes mecánicas traballadas (números naturais, enteiros, fraccións, decimais, potencias...) e o razoamento lóxico dos problemas, e se teñen en conta as instrucións .

- Establécese tamén unha planificación e reparto diario de exercicios dos libros cos que se traballaba nas clases presenciais, reforzados cos recursos da propia rede e os de produción propia do profesorado.

Tamén se inclúen no sistema arquivos PDF coas instrucións e distribución temporal das actividades cargadas.

- A corrección destes traballos se realiza por medio de “autocorrección”, corrección online.

- Tamén se cargan, en base á distribución horaria do traballo, PDF con solucións aos exercicios que se suponen xa realizados, con aclaracións particulares e reforzo dos procesos necesarios para cada exercicio.

- Exercicios interactivos da plataforma SNNAPET relativos aos contidos traballados con anterioridade e a ampliación de contidos, dos cales o profesorado ten feedback dos resultados destas actividades grazas a este sistema que xa se traballos no período lectivo presencial anterior.

LINGUA GALEGA:

- Establécese unha distribución do traballo segundo a distribución lectiva da área.

- Cargáronse exercicios de reforzo e ampliación de ortografía, gramática e de práctica e comprensión lectora, así como material de reforzo para a área en xeral e as actividades propostas en particular.

- As instrucións e correccións realizaránse da mesma forma e cos mesmos criterios que nas outras áreas se ben, e tendo en conta que moitos exercicios son de redación e/ou resposta libre, estes correxiránse a través do seu envío á Titora usando as contas de correo electrónico, Drive, teléfono...

- Exercicios interactivos da plataforma SNNAPET relativos aos contidos traballados con anterioridade e a ampliación de contidos, dos cales o profesorado ten feedback dos resultados destas actividades grazas a este sistema que xa se traballos no período lectivo presencial anterior.

LENGUA CASTELLANA:

- Séguense os mesmos criterios que para a área de *Lingua Galega*.

CIENCIAS NATURAIS:

- Distribúese o traballo en base ás dúas sesións correspondentes por semana. Sobre os temas que se están a traballar cárganse os extractos, teoría e material de reforzo do propio sistema, selección e creación propia do profesorado.

- Se establece un sistema de traballo paulatino, no que se combinan a realización de esquemas/resumes por apartados, co reforzo de actividades do propio manual, seleccionadas e organizadas polo profesorado. Ademais, propóñense novas actividades para o traballo e control dos temas, en base a cuestionarios e traballos, que se irán adosando de forma que se dosifique e controle a súa realización.

- As instrucións, o seguemento e as correccións realizaránse da mesma forma e cos mesmos criterios que nas outras áreas.

CIENCIAS SOCIAIS:

- Sobre os temas que se están a traballar cárganse os extractos, teoría e material de reforzo do propio sistema, selección e creación propia do profesorado.

- Dado que se estaba a traballar a parte de Historia, propóñense o desenvolvemento de actividades “de investigación” e, ademais, da realización de esquemas/resumes para

o coñecemento dos diferentes períodos. Organízanse actividades de creación “libre” como a preparación de traballos individuais sobre un período histórico .

-Actividades de reforzo doutros aspectos traballados con anterioridade, aproveitarase para o repaso dos apartados de xeografía física e política, incluso vinculando o manexo dos mapas aos aspectos históricos antes mencionados, e por medio de recursos interactivos.

- As instrucións, o seguemento e as correccións realizaránse da mesma forma e cos mesmos criterios que nas outras áreas.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

- Actividades de redacción e debuxo que fomenten o espírito crítico e xeren no alumnado valores tanto individuais coma sociais.

- Lectura de temas que favorezcan a mellora dos valores individuais e colectivos.

- Elaboración de carteis e murais que reflectan o traballado en valores ao longo do curso.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL.

- Actividades que fomenten a contextualización da aprendizaxe en relación co medio e dos contidos desenvolvidos, tanto neste trimestre, como en relación co noso Proxecto anual Arteixo a Mares, amares Arteixo. E coas distintas celebracións deste período: Día da Terra, Día do libro, Letras Galegas...